

## PROPOSTAS DO ATENEO DE SANTIAGO PARA A AXENDA URBANA 2.030

1º. A posta en marcha dun Observatorio estatístico que, dotado dos medios técnicos, humanos e financeiros necesarios, sexa capaz de medir e analizar a evolución da cidade, da súa economía e os seus sectores económicos e da propia sociedade, e que poida proporcionar os datos necesarios para definir políticas de desenvolvemento social e económico da cidade co coñecemento e rigor precisos ante contornos de incerteza.

2º. O proceso de xentrificación do casco histórico de Santiago, Patrimonio da Humanidade, esixe un conxunto de medidas que supoñan:

a) A paralización da colonización turística centrada no aloxamento en vivendas turísticas, o crecente aumento da oferta hostaleira con ocupación do espazo público e o comercio turístico.

b) A posta en marcha dun plan, con medidas fiscais e financeiras, que provoque o asentamento de familias, posibilitando así a recuperación da contorna urbana e humana deste espazo central da cidade.

Para elo, o Consorcio da cidade de Santiago, que ten a súa orixe na Declaración de Santiago como Patrimonio da Humanidade, ten que asumir e liderar o proceso, asignando os presupostos necesarios para elo e centrándose en tal obxectivo.

3º. O cambio do modelo de financiamento do sector turístico da cidade, ata agora con cargo aos presupostos municipais, para residencialo na recadación dunha taxa turística aos distintos tipos de aloxamento turístico.

No caso das vivendas turísticas e para evitar os efectos colaterais sobor da oferta e carestía da vivenda de alugueiro para familias e estudantes, propoñemos un gravame adicional, evitando que continúe a súa proliferación xa que máis do 85% dos novos aloxamentos turísticos creados nos últimos dez anos proceden das mesmas.

4º. O impulso do sector industrial resulta imprescindible para equilibrar o desenvolvemento económico e a creación de empregos de máis calidade así como para definir unha economía máis innovadora e investidora en I+D+i que interaccione coas capacidades da nosa Universidade.

Neste senso, propoñemos a creación dun Instituto para a Promoción e Desenvolvemento Económico de Santiago, que interveña na promoción da cidade como espazo de atracción de empresas produtivas e innovadoras.

5º. O posicionamento claro como Cidade do coñecemento, a educación e a cultura, perfís cunha grande tradición histórica e vencellados cunha Universidade prestixiosa, a existencia dunha Cidade cun gran patrimonio histórico e unha infraestrutura e actividade cultural de alto nivel que sería necesario poñer en valor como Capital europea da cultura xa nomeada hai máis de 20 anos, evitando a conversión paulatina nunha cidade de “peregrinación”.

6º. No ámbito dos equipamentos, propoñemos a posta en marcha do Xardín Botánico de Santiago, como espazo de investigación, educación medioambiental e de lecer, cuxos terreos xa están adquiridos no contorno do campus Sur da cidade, e que se podería levar a cabo a través dun Convenio entre as distintas Administracións públicas.

7º. Suxerimos a cesión á USC do espazo e edificacións situadas no Campus Sur da cidade pertencentes á Igrexa compostelá, receptora de importantes axudas públicas, posibilitando a súa utilización para finalidades educativas xerais e completar este espazo urbano como campus universitario.

8º. A loita contra o cambio climático esixe a nivel municipal, cando menos

a) A transformación enerxética dos vehículos públicos de transporte urbano e escolar a través do uso de enerxías limpas (electricidade, gas, etc.) nun prazo non maior de tres anos, así como o establecemento de limitacións de acceso á cidade dos vehículos privados de uso familiar e industrial que non cumpran con niveis aceptables de contaminación.

b) Unha modificación radical do sistema de recollida de lixo na cidade que contemple unha maior inversión en educación ambiental da cidadanía, maiores dotacións de contedores de distintos tipos de residuos, así como o aproveitamento industrial dos mesmos.

c) O aproveitamento integral da nova EDAR de Silvouta.

9º. O impulso da rehabilitación de vivendas de uso familiar, especialmente no casco histórico e nos barrios, adaptadas ás necesidades das persoas (con ascensores, aseos, etc.) que posibiliten a súa continuidade de ocupación en condicións dignas e poidan atraer a novas familias, evitando, ao tempo, a súa degradación patrimonial e humana.

10º. A necesidade de integrar os municipios limítrofes (Ames, Teo, etc.) nun proxecto colectivo comarcal que sexa capaz de planificar e racionalizar o desenvolvemento territorial, establecendo as canles organizativas, administrativas e políticas necesarias a tal efecto.

En Compostela, maio de 2.022